

---

## FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN

### CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

#### DESCRIPCIÓN:

A Federación Galega de Orientación (FEGADO) ten en proxecto por en marcha unha campaña de sensibilización contra a violencia de xénero denominada ORIENTACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO baseada na publicidade, especialmente naquelas actividades deportivas que fomentan a participación de homes e mulleres formando equipos mixtos, pero tamén en todas aquelas competicións de ámbito autonómico e estatal nas que a orientación galega teña representación.

Desde o seu comezo a FEGADO apostou polo deporte mixto e por permitir o acceso das mulleres á competición en categorías masculinas. Así, a máxima categoría na Liga Galega de Raid de Orientación corresponde a equipos mixtos, e o Campionato Galego de Remudas de Orientación é disputado soamente en categoría mixta. Tamén foi FEGADO a impulsora da creación do Campionato de España de Remudas Mixtas que xa se celebra desde hai 5 anos.

E ese é o marco que consideramos mais axeitado para sensibilizar a participantes e público na loita contra a violencia de xénero. Alí onde se aprecia que o traballo conxunto, o esforzo compartido e a boa coordinación dos equipos, formados por homes e mulleres, conduce ás máis altas metas.

#### ACTUACIÓNS A DESENVOLVER:

##### A nivel nacional:

**18 e 19 de maio: PARTICIPACIÓN NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE MTBO (CÓRDOBA)-** Unha selección Galega de 32 ciclo-orientadores composta por homes e mulleres das categorías cadete, xuvenil, junior, senior e veterán que levarán na súa vestimenta os logotipos da campaña contra a violencia de xénero e dúas bandeiras e dúas pancartas de 1x4m que compartirán o logotipo de FEGADO coa inscrición “Orientación contra a violencia de xénero” e os logotipos da campaña contra a violencia de xénero, e que se colocarán nos centros de competición das diferentes probas no lugar designado para a Federación Galega de Orientación.

**21 e 22 de setembro: PARTICIPACIÓN NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE RAID DE AVENTURA (HUESCA)-** Unha selección de 10 equipos mixtos compostos de 3 raiders cada un, maiores de 16 anos, nas categorías 3+0 (élite) ou 2+1 (aventura) que levarán chandall da Federación Galega de Orientación cos logotipos da campaña contra a violencia de xénero, e dúas bandeiras e dúas pancartas de 1x4m que compartirán o logotipo de FEGADO coa inscrición “Orientación contra a violencia de xénero” e os logotipos da campaña contra a violencia de xénero,

e que se colocarán no centro de competición, no lugar designado para os equipos da Federación Galega de Orientación.

**1 a 3 de novembro: PARTICIPACIÓN NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE REMUDAS MIXTAS (CÁDIZ)-** 150 participantes de tódolos rangos de idade e ámbolos dous sexos participarán formando equipos de remudas mixtos con 2 compoñentes masculinos e 2 compoñentes femininos portando na súa vestimenta os logotipos da campaña contra a violencia de xénero. Disporase un autobús para transporte, especialmente das categorías de base, rotulado nos seus laterais cos logotipos da Federación Galega e os da campaña contra a violencia de xénero e a inscrición “Orientación contra a violencia de xénero”. Colocaranse nos centros de competición das distintas probas 2 bandeiras e 2 pancartas de 1x4m que compartirán o logotipo de FEGADO coa inscrición “Orientación contra a violencia de xénero” e os logotipos da campaña contra a violencia de xénero, e que se colocarán nos centros de competición das diferentes probas no lugar designado para a Federación Galega de Orientación.

**6 a 8 de decembro: PARTICIPACIÓN NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE ORIENTACIÓN DE CENTROS ESCOLARES (EXTREMADURA)-** 20 participantes (10 nenos e 10 nenas) das categorías infantil e cadete acompañados de 8 monitores. Todos levarán na súa vestimenta o distintivo do seu colexio, o de FEGADO e o da campaña contra a violencia de xénero. Compartirían autobús cos participantes no CESA (mesma data e mesmo lugar) que iría rotulado nos seus laterais cos logotipos da Federación Galega e os da campaña contra a violencia de xénero e a inscrición “Orientación contra a violencia de xénero”. Colocaranse nos centros de competición das distintas probas 2 bandeiras e 2 pancartas de 1x4m que compartirán o logotipo de FEGADO coa inscrición “Orientación contra a violencia de xénero” e os logotipos da campaña contra a violencia de xénero, e que se colocarán nos centros de competición das diferentes probas no lugar designado para a Federación Galega de Orientación.

#### A nivel autonómico:

**12 de outubro: ORGANIZACIÓN DO “I CAMPEONATO DE ORIENTACIÓN DE PRECISIÓN POLA INTEGRACIÓN E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO” (Forgoselo – A Coruña)** A orientación de Precisión, ou Trail-O, é unha especialidade da modalidade de Orientación que permite ás persoas con discapacidade física competir nas mesmas condicións que os deportistas sen discapacidade e mesmo integrarse nunha única clasificación. Tamén mulleres e homes integran un único ranking sen haber distinción entre participantes masculinos e femininos. Por iso pensamos que é un evento ideal para fomentar a integración de tódalas persoas no deporte, e tamén un bo marco onde manifestar a nosa repulsa á violencia de xénero. Para o desenvolvemento do evento precisase do cartografado específico para este tipo de competición dunha zona de terreo. Colocarase unha gran pancarta coa inscrición “I CAMPEONATO DE TRAIL-O POLA INTEGRACIÓN E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO” no centro de competición, un Photocall para a entrega de premios co título da carreira na parte superior e con tódolos logos asociados, ademais de outras pancartas e bandeiras cos logotipos da campaña contra a violencia de xénero. Os dorsais levarán os logotipos da campaña e tamén se repartirán camisetas conmemorativas a tódolos participantes cos logotipos da campaña.

**Federación Galega de Orientación – CIF G70381603**

Rúa Sebastián Martínez Risco 12, 15009, A Coruña

<http://fegado.es/> - [info@fegado.es](mailto:info@fegado.es)

**14 de decembro: ORGANIZACIÓN DA “I CARREIRA DE REMUDAS MIXTAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO” (No centro histórico dunha das capitais galegas)-** O redor de 350 atletas federados, de tódalas idades e ámbolos dous sexos, mais todos aqueles afeccionados ao deporte que desexen inscribirse na carreira contra a violencia de xénero formando equipos mixtos de tres persoas. Colocarase unha gran pancarta coa inscrición “ORIENTACIÓN: I CARREIRA DE REMUDAS MIXTAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO” no centro de competición, un Photocall co título da carreira na parte superior e con tódolos logos asociados, ademáis de outras pancartas e bandeiras cos logotipos da campaña contra a violencia de xénero. Os dorsais levarán os logotipos da campaña e tamén se repartirán camisetas conmemorativas a tódolos participantes cos logotipos da campaña.

**Chalecos arbitros:** Tódalas carreiras do calendario oficial contan con un Xuíz árbitro e varios auxiliares que equiparán como vestimenta distintiva un chaleco e un polo no que levarán os logotipos da campaña contra a violencia de xénero.

**Video promocional:** Para difundir na web e redes sociais no que saen rapaces e rapazas da Federación competindo en equipo e posicionándose contra a violencia de xénero.

**Outra publicidade:** Porase na web, nas redes sociais, e en toda a publicidade que se faga dos eventos federados (carteis, mapas, etc.) o logotipo da campaña contra a violencia de xénero.

### **COLECTIVO AO QUE VAI DIRIXIDO:**

A campaña estará dirixida a tódolos orientadores e orientadoras galegas. Ao conxunto dos orientadores españois e estranxeiros que en gran número participan nas probas de ámbito nacional. E tamén ao colectivo de deportistas non orientadores, de tódolos sexos e idades, que de xeito competitivo ou recreativo, individualmente, en grupo ou en familia, participan en gran número nas categorías Open de absolutamente tódalas probas de orientación. Así como ao público que eventualmente poda presenciar o espectáculo.

### **Nº DE PARTICIPANTES DIRECTOS E INDIRECTOS:**

Os participantes directos concréntanse nos máis de 700 federados galegos e máis de 5000 españois por temporada. A repercusión indirecta entre deportistas non federados, os receptores de web e redes sociais, así como os que lles chegará a mensaxe a través dos medios de comunicación pódense estimar nunhas 20.000 persoas

**COSTE ESTIMADO:**

2 pancartas lona 1x4 xenéricas	215,00 €
2 bandeirolas Fly Banner	315,00 €
2 pancartas 1x5 (Cto. Gal. Remudas Mixtas-Cto. Gal. Trail-O)	250,00 €
2 Vinilos adhesivos Photocall (Cto. Gal. Remudas Mixtas-Cto. Gal. Trail-O)	100,00 €
35 maillots CE MTBO	1.400,00 €
50 chandalls selecciones MTBO, O-Pie, Raid	2.700,00 €
150 Camisetas orientación CE Remudas Mixtas	3.600,00 €
2 Rotulado autobuses con vinilo	250,00 €
1 Autobús CE Remudas Mixtas	3.500,00 €
30 Camisetas CE Centros Escolares	200,00 €
Aloxamento e manutención CE Centros Escolares	2.000,00 €
Cartografía mapa Cto. Trail-O	3.000,00 €
Impresión 600 mapas (Cto. Gal. Remudas Mixtas-Cto. Gal. Trail-O)	450,00 €
Dorsais 600 (Cto. Gal. Remudas Mixtas-Cto. Gal. Trail-O)	270,00 €
Camisetas conmemorativas 600 (Cto. Gal. Remudas Mixtas-Cto. Gal. Trail-O)	3.000,00 €
Chalecos e Polos de árbitros	700,00 €
Vídeo promocional	750,00 €
<b>TOTAL:</b>	<b>22.700,00 €</b>